



**COORDINADORA
GALEGA DE ONG**

para o Desenvolvemento

A solidariedade e a cooperación como resposta

DA CRISE SÁESE COOPERANDO





A COVID non é so unha crise sanitaria, é unha gran lente de aumento dos graves problemas do mundo. Problemas que existían antes (desigualdades, pobreza, desprazamentos forzosos...) que se están a ver agravados coa pandemia e están a afectar a millóns de persoas en todo o mundo. As consecuencias serán devastadoras se non reaccionamos para impedilo.

Agora máis que nunca precisamos de máis cooperación e máis solidariedade, tanto entre países como entre persoas.

Enfrontámonos a unha crise con varias dimensións –sanitaria pero tamén social, económica e medioambiental- que está matando a moitas persoas e que ademais pode facernos retroceder décadas nos avances acadados en loita contra a fame, a pobreza, e conquistas como o dereito á educación ou a os avances en equidade de xénero a nivel mundial, etc. Apostar decididamente pola política de cooperación internacional terá unha importancia estratéxica no curto e medio prazo.

Estamos a vivir un momento histórico e os gobernos deben decidir de que lado se posicionan. Nun mundo global e interconectado é imprescindible sumarse aos pobos que apostan pola cooperación e a corresponsabilidade fronte aos que apostan polo illamento e a lóxica de “sálvese quen poida”. Aos que que apostan polo multilateralismo e os dereitos humanos fronte aos discursos de odio e medo. A opción elixida será clave nas próximas décadas e Galicia ten que estar á altura e ofrecer aos países e persoas que máis o precisan a mesma cooperación e apoio que temos demandando para nós.

As ONGD estamos convencidas de que a solidariedade é unha parte esencial da resposta para afrontar este gran reto global.

“Da crise saíse cooperando” tal e como recoñecían nunha declaración conxunta todas as Comunidades Autónomas, incluída a nosa, o pasado 25 de maio. **A política de cooperación ao desenvolvemento guíase por un principio fundamental: o de non deixar a ninguén atrás nin aquí nin en ningún lugar do mundo.**

Apostar por ela é facer fronte ás necesidades actuais pero tamén apostar por solucións de futuro.

O IMPACTO SOBRE OS PAÍSES EMPOBRECIDOS

O impacto desta crise será moito maior nos países empobrecidos, os que teñen maiores índices de pobreza, desigualdade e peores sistemas de saúde e protección social. E dentro destes países as persoas expostas a maiores vulnerabilidades sufrirán as peores consecuencias: as mulleres e nenas, as persoas con discapacidade, as activistas e defensores de dereitos, as persoas migrantes e refuxiadas, etc.

Algúns datos:

- O número de persoas en situación de inseguridade alimentaria aguda nos países máis vulnerables podería chegar a 270 millóns de persoas por causa da pandemia. O director executivo do Programa Mundial de Alimentos advertiu fai uns meses de que “corriamo o risco dunha aumento da fame de proporcións bíblicas”. Ata 500 millóns de persoas máis poderían verse arrastradas á pobreza si non se toman medidas, tal e como alerta un informe de Oxfam Intermón.
- Segundo un informe de UNICEF, polo menos un tercio dos nenos e nenas en idade escolar non tiveron acceso a clases virtuais ou outro tipo de aprendizaxe remoto durante a primeira ola da pandemia, a grande maioría destes nenos e nenas viven en países empobrecidos. As máis perxudicadas serán as nenas, que asumen a carga de cuidados das súas familias, polo que a súa taxa de abandono escolar será maior. Antes da pandemia xa había 130 millóns de nenas fora das escolas e estímase que este ano 11 millóns corren o risco de non volver aos colexios.
- A metade da poboación mundial non ten acceso a unha cobertura completa de servizos de sanidade esenciais. Ata 100 millóns de persoas ao ano se ven arrastradas á pobreza debido a que o prezo da atención médica é moi superior ao que poden permitirse.
- So 1 de cada catro persoas desempregadas no mundo teñen acceso a prestacións por desemprego e ata o 55% das persoas do mundo non teñen acceso a ningunha prestación social.



A NOSA POLÍTICA DE COOPERACIÓN: A COOPERACIÓN GALEGA

Cooperar non é so promover a solidariedade, e ir un paso máis aló, é unha visión do mundo que queremos.

Neste sentido compre reivindicar á Cooperación Galega. A política galega de cooperación ao desenvolvemento é un **alicerce fundamental da acción exterior galega, da imaxe e valores que proxecta Galicia no mundo.** Unha política con identidade propia e **con capacidades diferenciadas** e vantaxes comparativas fronte a outras, como é o caso da súa especialidade en desenvolvemento rural, en pesca e acuicultura e as súas potencialidades de traballo en países lusófonos ou na chamada educación para a cidadanía global.

Ademais a Cooperación Galega ten un **protagonismo fundamental da sociedade civil**, máis do 70% dos seus fondos se canalizan a través das ONGD galegas. E foi a sociedade civil de todo o mundo a que se amosou como imprescindible, tecendo redes de apoio mutuo, de solidariedade e de cuidados, chegando alí onde os estados non foron capaces, ou onde a protección social é insuficiente. Mulleres e homes e organizacións irmás de todo o mundo estamos facendo as veces de colchón de protección social para millóns de persoas extremadamente vulnerables, tanto en Galicia, como en Guatemala, en Perú, en Guinea Bissau, etc.

UN NOVO CONTEXTO MARCADO POLA COVID-19

O pasado 22 de setembro, António Guterres, ante a Asemblea Xeral de Nacións Unidas, poñía sobre a mesa necesidade de reinventarnos. **“Estamos ante o noso propio 1945”** dixo “a COVID-19 non so é unha chamada de atención, é un ensaio xeral para os desafíos mundiais que están por vir” e engadiu “nun mundo interconectado, chegou o momento de recoñecer unha simple verdade: a solidariedade baséase no interese propio. Si non logramos comprender ese feito, todo o mundo sairá perdendo”

Neste sentido sumámonos ás demandas realizadas pola Presidenta da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN). Na súa comparecencia nesta comisión, o pasado día 17 de novembro, EAPN-Galicia recordou aos presentes o compromiso asumido polo goberno galego cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Precisamente polo que implican ao fuxir da falsa diferenza entre pobres de “aquí” e de “aló”. A loita contra a pobreza non entende de fronteiras e as ONG sabémolo. **É un compromiso internacional: “Obxectivo 1 dos ODS - “Poñer fin á pobreza en todas as súas formas e en todo o mundo”.**

En 2021 aprobarase, previsiblemente, no Parlamento Galego, a nova Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento de Galicia, e comezarase a elaborar o novo Plan Director da Cooperación Galega para os vindeiros catro anos, todo isto no contexto dun novo escenario, o marcado pola crise da COVID.

Compre dende xa sentarse e pensar en cal será a estratexia da política galega de cooperación ao desenvolvemento.



PROPOSTAS DAS ONGD PARA UNHA COOPERACIÓN GALEGA EFICAZ FRONTE AS CONSECUENCIAS DA COVID.

Fronte ao novo escenario, marcado pola COVID, a loita contra a pobreza e polos dereitos humanos será esencial e a política de cooperación terá un papel fundamental. A nova estratexia de cooperación ao desenvolvemento ten que traballar aliñada cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e focalizarse en **apoiar aos países socios da Cooperación Galega para que estes consigan:**

- **Reforzar os sistemas de saúde públicos e reforzar os servizos públicos para garantir que se cumpren dereitos** tan fundamentais como o dereito á saúde, á educación, á alimentación, ao hábitat ou á auga e saneamento. Ao tempo que se aseguran ingresos e medios de vida. Este esforzo deber facerse **garantindo que non queda ninguén atrás, este é o principio básico da cooperación internacional**. Debemos prestar especial atención ás mulleres, aos pobos orixinarios, á comunidade LGTBIQ+, ás persoas desprazadas forzosas e refuxiadas, ás persoas activistas e defensoras de dereitos humanos, ás persoas con discapacidade, etc. Ademais garantiremos que todas as nosas accións incorporan a perspectiva de xénero e velan pola coidado do medio ambiente, estes son eixos transversais que deben acompañar toda a estratexia.
- Pero **non podemos poñer o foco soamente no futuro inmediato, nas consecuencias da COVID, hai que traballar sobre as causas dos problemas que afrontamos**, das crise profundas e entrelazadas que van máis aló da COVID. Debemos recoñecer definitivamente que o actual modelo é insostible e produce profundas inxustizas sociais, e traballar cara unha transición verde e xusta. Tamén combater o peche do espazo cívico e democrático, fronte as realidades que ameazan ou violan os dereitos humanos.
Por todo isto **debemos garantir que non se interrompen os procesos de fortalecemento a medio e longo prazo, que son os que asentarán as bases para combater as consecuencias desta e doutras crises de futuro**. Netes eido, ademais de reforzar os servizos públicos, será clave fortalecer ás organizacións da sociedade civil, especialmente ás vinculadas co empoderamento das mulleres e, defender a quen defende, fortalecendo tamén ás persoas e organizacións de activistas e defensores de dereitos humanos.
- Ao tempo compre identificar que estamos ante un momento de inflexión no que está en disputa cales son as solucións a esta crise. **Fronte aos discurso de odio e o medo hai que defender a solidariedade, o multilateralismo e os dereitos humanos**. É imprescindible promover a comprensión da interdependencia que existe entre as principais problemáticas mundiais e a corresponsabilidade precisa á hora de abordalas. Neste sentido, **promover a Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global en Galicia debe ser un alicerce fundamental da nosa acción**.
- Por último, para para que a nova estratexia fronte a COVID sexa eficaz, participada e transparente, **precisamos de diálogo coas institucións, de comunicación e colaboración**. Tamén compre afondar na **flexibilidade normativa**, tendo en conta as especificidades da política de cooperación ao desenvolvemento, xa que esta estratexia desenvolverase nun contexto cambiante e impredecible. Facelo ao tempo que se garante a necesaria transparencia e rendición de contas é posible. Por último, o goberno da Xunta e os grandes concellos galegos teñen que profundar nos seus esforzos, **asumindo un compromiso estable e previsible coa Cooperación Galega**. Isto é, marcar unha folla de ruta para acadar progresivamente o 0,2% dos seus orzamentos para cooperación ao desenvolvemento nos vindeiros anos. Temos que dar resposta ao [chamado de Nacións Unidas](#) para redobrar a nosa axuda oficial.

NO CORTO PRAZO ADEMAIS ESPERAMOS

- Que os grupos parlamentarios sexan solidarios ao respecto do apoio aos países empobrecidos e acorden adicar unha porcentaxe do Fondo de Consenso, previsto para canalizarse por acordo da Comisión de Reactivación Económica, á política de cooperación ao desenvolvemento
- Que os grupos parlamentarios preman para que o estado español promova políticas de propiedade intelectual que aposten por licenzas abertas, compartidas e non exclusivas para vacinas e tratamentos. A súa consideración de bens públicos ten que traducirse en que sexan accesibles, asequibles, seguros, eficaces e de calidade e se produzan a gran escala para responder ás necesidades de todos os países. Este venres debateuse sobre a suspensión de patentes para todas as tecnoloxías fronte á COVID durante a pandemia, proposta por India e Sudáfrica. España, xunto aos países ricos, están en contra desta medida. Pero a votación final será o 17 de decembro, aínda hai tempo para mudar esta posición. [Ver máis sobre as demandas das ONGD ao respecto aquí>>>](#)



Anexo

CONTEXTO DAS PROPOSTAS DAS ONGD

REFORZAR OS SISTEMAS PÚBLICOS DE SAÚDE

Debemos apoiar aos países socios da Cooperación Galega para que poidan reforzar os seus sistemas de saúde públicos. O obxectivo ten que ser o acceso universal, reforzando a atención primaria e comunitaria, que é o alicerce fundamental dos sistemas de saúde, o nivel de atención máis accesible para as persoas máis vulnerables. Se debería prestar atención aos países máis débiles neste eido, cuxos sistemas non poden facer fronte a pandemia e/ou que enfrontan outras enfermidades endémicas como a malaria, a tuberculose, a sida etc.. O impacto en cadea provocado pola COVID-19 sobre outras enfermidades, como as citadas, pode ser catastrófico¹. Tampouco se deben esquecer os riscos que o colapso sanitario poderían ter sobre a saúde sexual e reprodutiva de moitas mulleres nos países empobrecidos.

Ademais Galicia ten que premer para que o estado español promova políticas de propiedade intelectual que aposten por licenzas abertas, compartidas e non exclusivas para vacinas e tratamentos, a súa consideración de bens públicos ten que traducirse en que sexan accesibles, asequibles, seguros, eficaces e de calidade e se produzan a gran escala para responder as necesidades de todos os países.

REFORZAR OS SERVIZOS PÚBLICOS E GARANTIR OS DEREITOS HUMANOS PARA SALVAR VIDAS

Os servizos públicos e a protección social amosáronse como imprescindibles para facer fronte as consecuencias da pandemia, para garantir os dereitos humanos. Neste sentido:

-Debemos garantir o dereito humano á unha alimentación axeitada, existe un risco severo de fame e desnutrición en familias e infancia², especialmente nos países que xa enfrontan outras crise humanitarias como poden ser RDC, Yemen, Nixeria ou Sudán do Sur, etc. O director do Programa Mundial de Alimentos xa alertou fai uns meses fronte ao Consello de Seguridade de que corriamos o risco dun aumento da fame de "proporcións bíblicas".

-A pandemia da COVID-19 puxo de manifesto a importancia vital do saneamento. A dispoñibilidade e o acceso aos servizos de auga, saneamento e hixiene é fundamental para loitar contra o virus e preservar a saúde e o benestar. A auga e o

saneamento salvan vidas. Sen embargo, aínda hai millóns de persoas que non teñen garantido este dereito, sobre todo en zonas rurais³.

-A educación é un dereito fundamental e debe ser protexido máis que nunca. 1500 millóns de nenos e nenas deixaron de ir a escola e case a metade dos países de ingresos baixos e medio baixos non apoiaron a estes nenos para manter a súa escolarización⁴. A educación é un dereito que contribúe ademais a conseguir e protexer outros dereitos, e é o principal ascensor social. Compre apoiar aos países socios da Cooperación Galega para reabrir as escolas de forma segura, reforzar aos profesorado e reducir a fenda dixital e debemos facelo prestando especial atención aos nenos e nenas máis vulnerables, como poden ser os que viven en situación de refuxio ou desprazamento.

-O dereito ao hábitat: No mundo hai máis de mil millóns de persoas que viven en asentamentos superpoboados con vivendas inadecuadas, e calcúlase que o número alcance os 1600 millóns en 2030. Estas persoas, privadas do dereito a un hábitat digno, están máis expostas ao virus. Debemos traballar para que as persoas de ingresos baixos e vulnerables poidan acceder a vivendas seguras e asequibles. A posta en marcha deste proceso ten en si mesmo un potencial para a transformación, de cara a poñer no centro ás persoas e ao planeta.

NON DEIXAR A NINGUÉN ATRÁS

Debemos prestar especial atención ás persoas máis vulnerables fronte a esta crise:

*Mulleres, que están vendo esmagados os seus dereitos e oportunidades⁵. As mulleres corren un maior risco de caer na pobreza porque a maioría traballa no sector servizos e no sector informal. Durante a pandemia ten aumentado dun modo insoportable as taxas de violencia contras as mulleres. Ao tempo a saturación dos sistemas de saúde ten consecuencias moi perniciosas na saúde sexual e reprodutiva. Por último hai que ter en conta a carga de coidados polo peches das escolas e a atención ás persoas dependentes. Millóns de nenas e adolescentes poderían acabar deixando a escola para atender o traballo de coidados nos países máis empobrecidos

- 1 En palabras do director executivo do Fondo Mundial de Loita contra o Sida, a Tuberculose e a Malaria, o "impacto en cadea" sobre estas enfermidades podería ser "incluso peor que o impacto directo da Covid-19". O VIH, a tuberculose e a malaria, que cada ano matan a 3 millóns de persoas, no caso da malaria principalmente a nenos e nenas menores de 5 anos, *umentarán a súa incidencia ata nun 10 %, 20 % e 36 %, respectivamente, senón facemos nada.* Mentres a OMS estimaba que *polo menos 80 millóns de nenos e nenas menores dun ano corren o risco de contraer enfermidades como a difteria, o sarampelo e a poliomielites* como consecuencia da interrupción da inmunización sistemática provocada pola pandemia da COVID-19.
- 2 A ONU advertiu que se non se ofrece urxentemente asistencia, logo dos efectos da COVID, *o número de persoas en situación de inseguridade alimentaria aguda nos países máis vulnerables podería chegar ata os 270 millóns antes de finais de ano.*
- 3 *Unha de cada tres persoas no mundo non ten acceso a auga potable salubre,* dúas de cada cinco non dispoñen dunha instalación básica destinada a lavarse as mans con auga e xabón, e máis de 673 millóns de persoas aínda defecan ao aire libre.
- 4 *Informe de 30 de outubro de UNICEF, Banco Mundial e UNESCO*
- 5 ONU - INFORME DE POLÍTICAS, AS REPERCUSIONES DA COVID-19 NAS MULLERES E AS NENAS https://www.un.org/sites/un2.un.org/files/informe_guterres_covid_mujeres.pdf



*Pobos orixinarios, que soportan falta de acceso a servizo esenciais como o de saneamento ou saúde, xa que adoitan a vivir en zonas rurais con equipamentos deficientes e falta de persoal médico. Son pobos que ademais, en moitos, casos se ven sometidos a estigma e discriminación á hora de acceder a estes servizos. Neste eido se debe traballar ademais en corrixir a falta de atención ás culturas e linguas que ten repercusións tamén para informar sobre enfermidades e a súa prevención. Ao tempo os medios de vida dos pobos orixinarios, habitualmente ligados a ocupacións tradicionais e economías de subsistencia, fai que teñan un maior risco de pobreza e de inseguridade alimentaria, particularmente no caso das mulleres. Tamén existe un risco de desprotección e impunidade nestes momentos fronte ao ataques que se están vivindo contra as activistas que defenden o ecosistema e o territorio.

*Persoas con discapacidade, que en condicións normais xa soportan o desigual acceso a dereitos como a saúde, educación e emprego e a participación social. As persoas con discapacidade son máis vulnerables á pobreza ou violencia e teñen máis risco de contraer COVID. As consecuencias da crise ademais redundarán nas súas vulnerabilidades, pensemos por exemplo no risco de desemprego e desprotección social.

*Comunidade LGTBQ+, que sofre barreiras históricas e desigualdade no acceso a servizos de calidade, tamén o de saúde. As dificultades son aínda maiores na comunidade trans estigmatizada e excluída do mercado laboral. Entre outros problemas atopamos a falta de documentación axeitada que impide acceder a subsidios, por exemplo. Ao tempo a discriminación institucionalizada estase vendo exacerbada.

*Infancia, UNICEF e a ONG Save the Children estiman que 86 millóns de nenos e nenas pasarán a engrosar as filas da pobreza⁶ debido ao impacto económico do coronavirus. Segundo as previsións durante os seguintes seis meses dende o inicio da pandemia poderían ter morto cada día ata 6000 nenos e nenas por causas evitables como resultado das alteracións relacionadas coa pandemia nos servizos esenciais de saúde e nutrición.

*Defensores/as de dereitos humanos e activistas, o risco de represión e persecución contra activistas e persoas defensoras dos dereitos ten aumentado. Necesitamos as defensoras de dereitos humanos máis que nunca⁷. A súa labor está a ser imprescindible no eido da investigación, a saúde e o periodismo para informar ás sociedades dos distintos países sobre a pandemia e controlar o papel dos Estados na toma de decisións. Mentres, o papel das persoas que defenden os dereitos das mulleres, do colectivo LGTBQ+, das sindicalistas, das defensoras do medio ambiente, das comunidades indíxenas, ou das persoas migrantes é así mesmo esencial, para asegurar que como sociedades non deixamos a ninguén atrás.

*Persoas desprazadas e refuxiadas. Este ano acadamos un novo récord, 79,5 millóns de persoas desprazadas e refuxiadas

forzosas. Son persoas en situación de extrema vulnerabilidade, procedentes de países como Siria, Venezuela, Afganistán, Sudán del Sur ou Birmania, obrigadas a fuxir das súas casas por causas como a violencia, o deterioro climático, os desastres, ou a imposibilidade de acceder a dereitos fundamentais. Moitas destas persoas afrontan a crise da COVID en condicións de hacinamento, con acceso precario a saúde, auga, saneamento ou nutrición. E moitas delas traballaban na economía informal e non estarán protexidas por ningunha prestación social. Ademais, a caída dos ingresos por remesas será de alomenos un 20%, coa afectación que pode supoñer para as súas familias. Ao tempo as restricións de movemento implican tamén que moitos países non fagan excepción algunha ás persoas que solicitan asilo. Por outra banda, é necesario destacar que se percibe un aumento da xenofobia, o racismo e os discursos de odio incrementado pola pandemia. Mentres, a realidade nos amosa o valor das persoas migrantes, moitas delas en primeira liña de combate ao virus. Sen ir máis lonxe 1 de cada 8 persoas do persoal de enfermería exercen nun país distinto ao seu de orixe, son moitas as que se ocupan dos coidados dos nosos familiares ou traballan no sector agrícola.

REFORZAR A EDUCACIÓN PARA O CIDADANÍA GLOBAL PARA REFORZAR A DEMOCRACIA

Estamos ante un momento de inflexión no que se pon en disputa cales son as solucións a esta crise. Fronte aos discursos de odio e o medo hai que defender a solidariedade, a cooperación entre países e persoas e os dereitos humanos. Debemos reforzar o traballo a prol dunha cidadanía crítica, responsable e activa na construción colectiva dunha sociedade solidaria e comprometida coa xustiza social global. Neste sentido, a Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global debe ser un alicerce fundamental da Cooperación Galega. É imprescindible promover a comprensión da interdependencia que existe entre as principais problemáticas mundiais e a corresponsabilidade precisa á hora de abordalas. Só así será posible garantir os dereitos humanos e unha vida digna para todas as persoas.

TRABALLAR COAS PRIORIDADES TRANSVERSAIS CLARAS

Coa incorporación do enfoque de xénero e das loitas feministas en toda as accións, e coa defensa do medio ambiente e o principio de non deixar a ninguén atrás.

RESILIENCIA E O FORTALECIMENTO COMO PROCESOS NOS QUE INCIDIR

Ademais compre dar continuidade aos procesos de fortalecemento. O fortalecemento e a resiliencia serán claves para combater estas e futuras crises que están por vir. Debemos compatibilizar a resposta inmediata sobre as consecuencias da COVID co traballo a medio prazo. Compre actuar, incluso con máis intensidade, tamén sobre as causas profundas das crises entrelazadas que vivimos, e que van máis aló da COVID.

6 NOTA PRENSA ONU <https://news.un.org/es/story/2020/05/1475102>

7 COMUNICADO DE AMNISTÍA INTERNACIONAL <https://www.amnesty.org/download/Documents/ACT3021022020SPANISH.pdf>